

**ACTA DA XUNTA DE CENTRO ORDINARIA**

**CELEBRADA O DÍA 6 FEBREIRO DE 2014**

Na sala de profesores do edificio Facultades reúnense os membros da Xunta de Centro citados ao final da acta, o xoves, día 6 de febreiro de 2014, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte orde do día:

- 1. Aprobación da acta da sesión anterior.**
- 2. Informe da Presidenta.**
- 3. Aprobación da PDA, límite de prazas en titulacións de grao e límite de prazas por traslado.**
- 4. Modificacións puntuais dos horarios do segundo cuadrimestre do curso 2013/2014.**
- 5. Aprobación do calendario de prácticas de campo e visitas de estudos do 2º cuadrimestre.**
- 6. Aprobación da proposta de actividades extra-académicas.**
- 7. Sorteo público da xunta electoral para as eleccións de membros electos da xunta de Centro.**
- 8. Rogos e preguntas.**

- 1. Aprobación, das actas das sesións anteriores.**

Apróbase a acta da sesión anterior, sen ningún voto en contra.

- 2. Informe da Presidenta.**

Desculpan a súa ausencia: Yolanda Barriocanal López (obrigas docentes), Julio Prada Rodríguez (obrigas docentes), Carlos Sixirei Paredes (licenza docencia e investigación), Alberto Valín Fernández (motivos de índole persoal),

A decana comenta as seguintes cuestións:

. Recibiuse o informe favorable da Consellería previo á remisión á verificación de títulos de grao, sobre a solicitude da remodelación da memoria do grado.

. O mesmo informe favorable, para o novo máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio.

. Comezou o proceso para o inicio da planificación das enquisas de validación docente do 2º cuadrimestre, a data para facer as ofertas é ata o 16 de febreiro.

. Chegou un correo de calidade, no que se indica que pódense facer suxerencias para a remodelación das enquisas da satisfacción docente.

. Instalouse a impresora-fotocopiadora nova en réxime de aluguer.

. Remataron as obras de instalación na sala de vídeo conferencia (aula 2.3). Ocasionouse un gasto extra que vai cubrir a Vicerreitoría do campus de Ourense (o importe ascende a 300 euros).

. Sobre o Campus da Auga, haberá unha semana de forum aberto a calquera proposta. A facultade ofrecerá os textos que se habían planificado para a realización dun calendario. A Decana comenta que se farán chegar os textos aos profesores para que os revisen; nalgúns casos é preciso que se reduza o contido a extensión estipulada.

### **3. Aprobación da PDA, límite de prazas en titulacións de grao e límite de prazas por traslado.**

Na plataforma do PDA do vindeiro curso inclúense segundo a remodelación que propoñemos na Memoria e que está agardando a verificación.

En 4º curso, no ano 2014-2015, impartiranse as seguintes materias optativas:

Epigrafía e numismática  
Historia do poder e as institucións

Número de prazas:

En cumprimento do establecido no **Decreto 222/2011, do 2 de decembro**, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da CCAA de Galicia, sobre a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais, o número de prazas é de 45.

No referente ao límite de prazas por traslado, non se establece.

Apróbase todos os puntos propostos.

**4. Modificacións puntuais dos horarios do 2º cuadrimestre do curso 2013/2014.**

Detectados erros puntuais, quedan aprobadas as modificacións puntuais dos horarios do 2º cuadrimestre.

**5. Aprobación do calendario de prácticas de campo e visitas de estudos do 2º cuadrimestre.**

Queda aprobado o calendario.

**6. Aprobación da proposta de actividades extra-académicas.**

A Decana explica que saíu a convocatoria das actividades extra-académicas, e que seguen en principio a distribución habitual. A proposta deste ano respecto as Xornadas da Historia no Medio é dedicadas a aspectos da vinculación das aulas ao exterior, vencellados a axentes sociais externos relacionados ca innovación educativa, e título escollido é "Hipervinculando as aulas". Vaise solicitar ao Consello Social unha axuda de 1.000 euros para a organización de dita actividade.

Outra actividade refírese a continuación do programa "Coñeces...?", que nesta edición será "Coñeces o Rianxo"? (mercado de Ourense). Solicitarase unha axuda a Vicerreitoría do Campus de Ourense duns 300 euros.

**7. Sorteo público da xunta electoral para as eleccións de membros electos da xunta de Centro.**

En febreiro de 2012, celebráronse no Centro as últimas eleccións de membros electos da Xunta de Centro que deben ser renovados cada dous anos; é dicir no vindeiro febreiro de 2014. Procédese ao sorteo público para elixir os membros que conformarán a xunta electoral.

A xunta electoral queda constituída polos seguintes membros:

Decana: Beatriz Comendador Rey  
Secretaria: M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Contreras

Persoal Docente e Investigador:  
Titular: Julio Prada Rodríguez  
Suplente: Antonio Presedo Garazo

Sector Estudiantes:  
Titular: Iria Souto Castro  
Suplente 1: Rita Rodríguez Pereira  
Suplente 2: Javier Álvarez Batista

Sector PAS:

Títular: Montserrat Iglesias Gómez

Suplente: Josefina T. Cadilla Lomba

## 8. Rogos e Preguntas.

Marta López fai o seguinte rogo, na actualidade a Delegación de Alumnos da facultade, está co-organizando coa Facultade e outras persoas a actividade de “Cuando Mario conoció a Clío” para a cal, aporta un financiamento. Xa que a delegación está a piques de renovarse, lles gustaría que a nova siga mantendo o apoio económico a esta iniciativa.

Beatriz Vaquero roga, aos membros da Delegación de alumn@s da Facultade que elixan un novo representante para a comisión de prácticas externas da Facultade, posto vacante a raíz da graduación do alumno Pablo Cid Couce.

Dende o decanato prégase encarecidamente que se asinen os partes de asistencia e, que si hai algunha modificación ou cambio, que se faga constar nos partes e se comunique o máis axiña posible a secretaría do decanato, para que quede a evidencia aos efectos de garantía de calidade.

E sen máis asuntos a tratar, levántase a sesión, e de todo isto dou fe como Secretaria.

A Decana

Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Contreras

## XUNTA DE CENTRO HISTORIA

## ORDINARIA

06/02/2014

ABALO RODRÍGUEZ, MARÍA  
 BARRIOCANAL LOPEZ, YOLANDA  
 CASTRO PEREZ, LADISLAO  
 CID COUCE, PABLO  
 COMEDADOR REY, BEATRIZ  
 DIAZ ALONSO, XOEL  
 DOMINGUEZ PEREIRA, M<sup>a</sup> DOLORES  
 DURANY CASTRILLO, MERCEDES  
 FERNANDEZ ALVARADO, HADRIÁN  
 FERNANDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> DEL CARMEN  
 GARCIA VERGARA, GUMERSINDA  
 JUANA LOPEZ, JESÚS DE  
 LOPEZ DIAZ, MARÍA  
 LOPEZ LOPEZ, MARTA  
 MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SABELA PINDUSA  
 MORENZA ARIAS, DAVID  
 PEREZ LOSADA, FERMIN  
 PEREZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER  
 POUSA DIEGUEZ, RODRIGO  
 PRADA RODRIGUEZ, JULIO  
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
 REBOREDA MORILLO, SUSANA MARÍA  
 RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO  
 SIXIREI PAREDES, CARLOS  
 UÑA ALVAREZ, ELENA DE  
 VALIN FERÁNDEZ, ALBERTO  
 VAQUERO DIAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
	NO
	SI
SI	
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	BAIXA MÉDICA
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
SI	
SI	
	SI
SI	
	SI
SI	